

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XUÑO DE 2018**

## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xuño 2018.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en xuño de 2018 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en xuño de 2018.....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	28
9	RAIOS.....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 26/11/2018**



**Mes moi húmido, con temperaturas máximas máis baixas do normal e mínimas máis cálidas.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño quedou marcado pola gran variabilidade nas situacións meteorolóxicas, xa que o mes comezou con borrascas que achegaron moita chuvia e deixaron temperaturas baixas, pero na segunda quincena tivemos varias xornadas con temperaturas máximas extremas. Esta situación fai que a media das temperaturas estea preto do normal, aínda que os valores máximos quedan algo por debaixo e os mínimos algo por riba.

Debido ás intensas chuvias dos primeiros dez días e aos fenómenos tormentosos dos derradeiros dous, as chuvias estiveron por riba do agardado. Así, os primeiros 7 días do mes estiveron caracterizados pola chegada de bolsas de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera que ocasionaban un tempo moi inseguro e cambiante, con temperaturas aínda elevadas nos dous primeiros días.

Na xornada do 8 achegábase a Galicia un pequeno centro de baixas presións que deixaba 3 xornadas cos ceos moi anubrados, temperaturas anormalmente baixas para a altura do ano e chuvias por momentos persistentes e bastante xeneralizadas.

O día 11 esta baixa comezou a desprazarse cara ao leste e pouco a pouco a inestabilidade foi diminuindo, aínda que ata o 13 tivemos 3 días cos ceos moi anubrados, temperaturas aínda baixas para a época do ano e algunhas chuvias, pero xa de carácter máis illado e ocasional que nos 3 días anteriores.

Na xornada do 14 tivemos a primeira situación anticiclónica do mes, coas altas presións entrando en forma de cuña dende os Azores. Foi un día que aínda comezaba cos ceos anubrados, pero remataba cunha clara apertura de claros. Os ceos moi abertos foron a característica principal dos seguintes días, entre o 15 e o 19, con temperaturas que foron ascendendo paulatinamente, xa que as altas presións movéronse cara ao norte e achegaron aire cálido dende o sur da península Ibérica e o norte de África.

A partir do 20 mantívose a situación en superficie, pero de novo recibimos a visita dunha zona de aire frío en altura, desta volta procedente do sur. A combinación dese aire cálido en superficie co frío en altura deixou importantes fenómenos tormentosos nos días 20, 21 e 22.

A partir do 23 esta zona de aire frío afastouse da comunidade galega e quedamos baixo a influencia do anticiclón, que de novo achegou aire cálido, manténdose polo tanto un período de temperaturas moi elevadas entre o 20 e o 24.

A partir do 25 a masa de aire cálido de orixe norteafricana foise desprazando cara ao leste e foi substituída por outra de orixe atlántica, polo tanto máis fresca e húmida, que foi deixando progresivamente un aumento das nubes e un descenso de temperatura. Este proceso comezou o propio día 25 polas comarcas atlánticas e tivemos que agardar ata o 26 para que se consolidase en toda Galicia e tivésemos un descenso significativo das temperaturas.

Na xornada do 27 subiron novamente as temperaturas e o mes rematou nos derradeiros 3 días con situacións tormentosas. Os chuvascos foron particularmente intensos nas dúas derradeiras xornadas do mes, 29 e 30. Destacan puntos concretos como as chuvias torrenciais rexistradas en Ourense na tarde do 29 e en A Coruña nas últimas horas do día 30.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión, tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2), pódese observar un área de presións algo máis altas do normal nesta época do ano localizada sobre as Illas Británicas e espallada polo Atlántico, a cal indica que houbo un predominio anticiclónico durante o mes. Sen embargo, esta anomalía en altura non chega á área de Galicia, a cal se atopa dentro dos valores medios da época do ano, indicando a alternancia entre centros de altas e baixas presións. Por outra banda, tamén se ven anomalías lixeiramente negativas sobre a península Ibérica e o Mediterráneo occidental, dando lugar a que o mes fose moi húmido en Galicia.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xuño-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xuño-2018.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	XUÑO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.3/17.4	17.4	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	14.9/14.8	14.3	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	11.9/11.8 (día 3)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	17.5/17.8 (día 22)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	19.7/20.0	20.5	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	27.8/29.0 (día 23)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	16.7/16.5 (día 17/5)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	93	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	8	7	18 (1935)	1 (1962)

*Comentario: Temperaturas medias normais, pero con valores máximos por debaixo do normal e temperaturas mínimas por riba.*

*Foi o mes de xuño máis chuvioso dende 1987 e cabe cualificalo como moi húmido.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

## SANTIAGO

	XUÑO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.7	17.6	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	13.4	12.6	14.2 (2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	8.9 (día 3)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	21.9 (día 23)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	21.9	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	34.0 (día 23)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.9 (día 9)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	134	37-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	11	7	20 (1997)	1 (1996)

*Comentario: Mes con temperaturas medias e máximas no rango normal. As mínimas foron máis cálidas do habitual nun mes de xuño.*

*A chuvia foi moi superior ao valor climático, polo que o mes resultou moi húmido.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





## LUGO

	XUÑO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.7	16.8	19.5 (2004)	14.9 (1992)
Tª mínima media	12.8	11.0	12.9 (2017)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 1)	2.8 (11/06/2001)		
Tª mínima máis alta	16.6 (día 21)	18.2 (19/06/2017)		
Tª máxima media	22.6	22.6	26.3 (2004)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	35.3 (día 24)	37.3 (18/06/2017)		
Tª máxima máis baixa	14.7 (día 5)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	65	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	11	6	16 (1982)	1 (2011)

*Comentario:* Mes con temperaturas medias cálidas debido a unhas temperaturas mínimas máis cálidas do habitual. As máximas estiveron en valores normais.

A chuvia foi moi superior ao valor climático, polo que o mes resultou moi húmido.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.1	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	14.0	13.0	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	10.5 (día 8)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 21)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	22.2	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	31.4 (día 18)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	14.6 (día 5)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	82	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	10	7	15 (2012)	0 (1962)

*Comentario:* Mes normal tendo en conta a temperatura media. As máximas foron máis baixas do normal e as mínimas estiveron por riba.

En canto á precipitación, resultou un mes húmido.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	XUÑO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.5	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	14.4	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	9.7 (día 9)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	19.3 (día 25)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	26.6	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	37.8 (día 24)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.0 (día 5)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	110	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvía (≥1mm)	9	5	14 (1988)	0 (2011)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura media. As máximas foron máis baixas do normal e as mínimas estiveron por riba.*

*En canto á precipitación, resultou un mes húmido, o segundo xuño máis húmido da serie.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018



## 5 TEMPERATURA

As temperaturas quedaron moi marcadas pola gran variabilidade nos valores, con moitos días nos que os valores máximos non chegaron aos 20°C e outros, particularmente no período entre o 20 e o 24, no que se superaron os 30°C con certa amplitude o que en parte cancelou a anomalía negativa. Os valores mínimos estiveron por riba do agardado debido aos moitos días con nubes que fan que os termómetros se manteñan en valores suaves nas madrugadas.

### 5.1. Temperatura media das máximas.





Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2018.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 21.3 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente na Mariña Lucense e Ortigueira con valores próximos aos 15 °C e os valores máis altos nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil e na comarca de Verín, onde o valor medio de temperatura máxima achegouse aos 26°C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.


O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño para o territorio galego foi de 12°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e macizo de Manzaneda onde se acadaron valores próximos aos 8 °C. Os valores máis altos en zonas do litoral, Baixo Miño, parte da Comarca de Valdeorras e entorno a cidade de Ourense (con valores próximos aos 15 °C).



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2018.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xuño, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 0.36 °C. As anomalías positivas máis altas rexistráronse no interior de Lugo e comarca de Verín, entorno a +1°C e as mínimas no litoral sur de A Coruña, preto de -1°C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño respecto ao período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Ourense. No litoral oeste da Comunidade (Táboa 2), houbo localidades que mesmo resultaron frías para a época do ano.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilardevos	Ourense	1.4
Verín	Ourense	1.4
Cambre	A Coruña	1.2
Outeiro de Rei	Lugo	1.2
Rábade	Lugo	1.1
Oímbra	Ourense	1.1
Abegondo	A Coruña	1.1
Begonte	Lugo	1.1
Ríos	Ourense	1.0
Monterrei	Ourense	1.0

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0.7
Muros	A Coruña	-0.6
Ribeira	A Coruña	-0.6
Fisterra	A Coruña	-0.5
Entrimo	Ourense	-0.5
Pobra do Caramiñal	A Coruña	-0.5
Cangas	Pontevedra	-0.4
Corcubión	A Coruña	-0.4
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	-0.4
Lobios	Ourense	-0.4

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2018.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O día 24 de xuño foi a xornada máis cálida do mes, por debaixo e por enriba dos 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/06/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	40.0
24/06/2018	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	38.7
23/06/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	38.6
24/06/2018	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	37.8
24/06/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	37.8
24/06/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.6
23/06/2018	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	37.3
24/06/2018	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	37.3
24/06/2018	Millara	PANTÓN	Lugo	37.2
23/06/2018	Areas	TUI	Pontevedra	37.2

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/06/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	32.4
24/06/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	30.8
24/06/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	30.6
24/06/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	29.9
24/06/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29.4
24/06/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	29.3
24/06/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	29.2
24/06/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29.2
24/06/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	28.5
24/06/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	28.5

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2018 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacou o día 9 por ser a xornada máis fría e Ourense por ser a provincia cos rexistros máis baixos.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/06/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	1.3
09/06/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	1.4
09/06/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	1.5
09/06/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	3.4
04/06/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	3.4
13/06/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	4.2
09/06/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.3
09/06/2018	Xurés	MUIÑÓS	Ourense	4.4
09/06/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.4
01/06/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	5.3

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/06/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	1.7
09/06/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	1.7
14/06/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	2.7
16/06/2018	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	4.8
13/06/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	5.1
16/06/2018	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	5.3
16/06/2018	Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	5.5
01/06/2018	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	5.6
16/06/2018	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	5.6
09/06/2018	Entrimo	ENTRIMO	Ourense	5.7

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2018 altitude inferior a 1000m.



#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 17.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.12 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal, se ben as mínimas estiveron 1.11°C por riba do normal es as máximas 0.87°C por debaixo. O 2013 foi o ano precedente con temperaturas medias máis baixas.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas estiveron moi por riba do agardado nun mes de xuño debido principalmente ao período chuvioso dos primeiros 11 días do mes. Soamente coas chuvias acumuladas neses días era suficiente para considerar o mes como húmido. Pero a isto temos que engadirlle os fenómenos tormentosos rexistrados nos últimos días que levaron mesmo a superar o dobre de chuva acumulada habitual nun mes de xuño.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual xuño 2018


O valor medio no conxunto de Galicia neste me de xuño, a partir dos valores do mapa, foi de 104 L/m<sup>2</sup>. Os maiores rexistros acadáronse nas zonas de montaña de Ourense (máis de 170 L/m<sup>2</sup>) e nas comarcas de Xallas e Santiago, con valores por riba dos 150 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 89 % superior ao período de referencia 1981-2010. Os valores máis altos acadáronse principalmente na provincia de Ourense por mor das treboadas, con valores de máis de tres veces o normal dun mes de xuño.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2018.

### 6.3. Días de chuvia en xuño de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 10.7. Os valores máis altos acadáronse no leste de Lugo con 15 días de chuvia. Pola súa parte, os rexistros máis baixos déronse no litoral atlántico con valores próximos aos 9 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de xuño de 2018.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xuño. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 150 L/m<sup>2</sup>, en moitas localidades. Destacan as localidades das provincias de Ourense, en concreto Cabeza de Manzaneda con case 200 L/m<sup>2</sup> acadados. Ao mesmo tempo, nas xornadas do 7, 9 e 29 de xuño os valores acumulados foron superiores aos 50 L/m<sup>2</sup>.

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	193
Corzos	A VEIGA	Ourense	186
Muralla	LOUSAME	A Coruña	177
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	169
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	166
Xares	A VEIGA	Ourense	160
A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	155
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	152
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	150
Ancares	CERVANTES	Lugo	146


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	74	09/06/2018 0:10
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	59	09/06/2018 6:50
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	57	09/06/2018 3:20
Louredo	MOS	Pontevedra	55	09/06/2018 7:10
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	53	29/06/2018 20:50
Ordes	ORDES	A Coruña	53	29/06/2018 17:50
Arzúa	ARZÚA	A Coruña	53	29/06/2018 16:10
Burela	BURELA	Lugo	52	07/06/2018 22:10
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	51	07/06/2018 20:40
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	51	07/06/2018 21:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2018.


#### 6.4. Evolución da precipitación en xuño de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 101 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2018 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 108 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido. O 2007 foi o ano máis próximo con chuvias similares ao 2018 nun mes de xuño.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.









## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Tan só houbo un caso no que se superaron os 100 km/h, tal e como se mostra na Táboa 9.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
22/06/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	115.1

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xuño.







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refach o máxim o (km/h)	Compoñent e dominante	% calma s	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	88.8	NE	18		
		Día 19				
Pta. Candieira	Cedeira	115.1	NE	15		
		Día 22				
Malpica	Malpica	70.1	E	9		
		Día 21				
Marco da Curra	Monfero	56.4	NO	13		
		Día 30				



**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de xuño de 2018 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	53.4	E	12		
		Día 25				
Ancares	Cervantes	74.3	NE	11		
		Día 30				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xuño de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	60.2	O	13		
		Día 21				
Rodicio	Maceda	57.3	NE	17		



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
		Día 21				
Gandarela	Celanova	36.3	NO	49		
		Día 29				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de xuño de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	61.6	N	21		
		Día 18				
		Día 21				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de xuño de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de xuño de 2018.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS


A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xuño 10990 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente nas últimas xornadas do mes (figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en xuño de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, Pontevedra rexistrou o dobre de raios que as provincias de Lugo e Ourense, as cales tiveron un rexistro similar.

**nº de raios detectados en junio de 2018 por provincias**



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en xuño de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como este mes presentou un número de raios maior que anos anteriores, sendo só superado polo ano 2014.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.  
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 6

Provincia Estación	Tª°C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
<b>A Coruña</b>																									
A Gándara	14.4	17.89	30.7	23	11.8	8.5	3	117	34.2	9	36	91	98	78	34	154	1616	15	61	9	969	18	0		
Aldea Nova	15.5	19.46	29.6	24	12.8	9.7	3	129	29.6	30	--	91	99	77	--	--	1622	7	58	22	985	16	0		
Arzúa	16.3	21.83	34.1	24	11.8	8.4	5	118	51.2	30	10	87	100	65	40	184	1819	6	39	18	974	15	0		
Camariñas	16.3	18.3	27.6	23	14.3	10.3	8	72	33.5	9	-29	89	97	77	47	216	1979	15	60	18	1017	9	0		
Cariño	16.7	18.94	21.5	17	14.8	12.8	4	80	29.6	8	-9	87	96	76	31	145	1615	12	57	9	1017	14	0		
Cespón	18.5	23.72	35.0	23	14.1	9.6	8	129	44.9	9	6	84	98	66	50	227	1981	7	44	18	1012	11	0		
CIS Ferrol	17.3	21.54	31.7	24	14.2	9.9	2	97	22.9	30	-10	85	98	67	41	188	1815	10	51	22	1013	13	0		
Corrubedo	17.5	21.64	30.9	18	14.1	10.9	14	81	32.4	9	-43	82	93	67	47	213	2067	9	56	19	1013	12	0		
Coruña-Bens	17.4	20.27	29.8	23	15.2	11.1	3	75	18.0	9	-	89	97	78	-	-	1701	11	54	18	1002	13	0		
Coruña-Dique	16.6	18.47	27.8	23	15.1	12.0	3	106	41.2	30	-	86	94	75	-	-	-	14	67	21	1015	10	0		
Coruña-Torre de Hércul	17.0	19.73	27.8	23	14.9	11.9	3	93	37.3	30	-	82	91	70	-	-	-	-	-	-	-	11	0		
*Costa	17.6	22.7	35.0	23	13.3	9.7	2	93	35.7	9	-	88	99	71	-	-	-	3	37	29	996	10	0		
*Coto Muiño	15.9	20.77	34.9	23	11.6	6.1	8	102	29.2	9	-	90	100	73	-	-	-	2	29	21	-	14	0		
Fontecada	15.7	20.15	33.5	23	12.1	7.7	8	138	25.1	4	39	84	94	68	37	171	1672	9	42	18	974	13	0		
*Guísamo	17.0	21.06	31.9	23	13.9	10.9	3	87	25.7	30	-	79	90	63	-	-	-	3	27	18	996	18	0		
*Lesende	17.3	21.74	33.5	23	13.3	9.5	8	106	41.6	9	-60	78	88	64	42	192	1868	8	39	17	996	12	0		
Lira	16.8	20.19	30.4	22	13.9	10.3	3	86	27.8	9	-28	85	95	73	50	228	2045	14	88	19	-	11	0		
Mabegondo	17.1	21.81	33.0	23	13.0	9.7	17	82	32.3	30	-21	89	100	72	40	182	1796	6	46	9	1006	16	0		
Malpica	15.2	18.07	26.1	24	13.0	10.2	3	93	42.2	9	8	91	97	81	41	188	1781	16	70	21	998	14	0		
Marco da Curra	14.0	18.64	32.0	24	10.7	7.8	3	93	32.0	8	1	90	98	72	38	175	1750	12	56	30	943	15	0		
Melide	15.9	21.72	34.5	24	11.1	7.0	14	115	39.4	30	5	85	98	63	39	179	1838	6	42	18	962	13	0		
Muralla	14.5	18.53	30.4	23	11.3	7.6	3	177	73.8	9	102	93	100	81	36	165	1524	19	71	18	941	15	0		
*O Val	17.0	20.95	30.6	24	13.5	8.7	2	113	36.3	30	-	84	94	70	-	-	-	4	45	3	1009	13	0		
Olas	15.5	20.03	33.3	24	12.2	9.5	3	119	49.6	30	33	90	100	72	34	156	1548	10	50	9	-	18	0		
*Ordes	16.6	21.39	34.8	24	12.4	8.0	4	126	36.8	29	-	82	93	65	-	-	-	4	37	29	985	14	0		
*Paramos	15.9	20.38	31.9	24	12.1	7.5	16	169	39.6	9	-	92	100	77	-	-	-	6	33	3	975	15	0		
*Pazo de Galegos	17.7	22.85	33.8	19	13.6	10.3	9	88	33.8	30	-21	86	98	67	37	170	1762	3	30	22	990	10	0		
Punta Candieira	15.5	18.36	31.0	24	13.5	9.9	3	72	23.0	8	-12	91	99	79	39	181	1819	19	115	22	987	15	0		
Punta Langosteira	17.2	20.18	29.4	23	14.6	11.5	8	102	32.8	30	-	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	19	0		
Río do Sol	14.2	17.8	30.5	24	11.3	8.1	3	119	31.8	9	41	93	99	80	33	152	1583	15	52	9	954	17	0		
*Rus	16.9	20.97	32.1	23	13.0	7.7	16	110	33.4	9	-	89	99	73	-	-	-	3	51	30	1001	16	0		
Sálvora	17.0	19.48	27.9	18	15.0	12.1	3	69	36.2	9	-52	86	94	74	59	250	2253	15	57	7	-	11	0		
Santiago-EOAS	17.1	21.94	34.0	23	13.4	10.0	5	134	31.0	9	29	86	98	68	36	164	1709	6	41	9	987	11	0		
Santiago-San Lázaro	16.6	20.96	32.9	23	13.3	10.2	3	82	22.7	9	-25	82	93	66	38	172	1758	9	47	18	981	12	-		
Sergude	17.3	22.39	34.2	23	13.2	9.4	5	99	29.4	4	-	84	97	65	31	144	1640	-	-	-	-	11	0		
Serra da Faladoira	13.8	17.96	27.8	24	11.0	8.2	3	115	38.2	8	38	92	100	75	30	137	1577	16	68	22	951	17	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 6

Provincia Estación	Tª°C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	15.1	18.92	27.4	24	12.8	9.7	4	88	24.6	8	-	92	100	75	21	98	1241	11	60	9	-	-	-	-	20	0	
Abradelo	15.4	21.04	34.5	24	11.3	7.7	9	117	18.3	10	-	83	97	60	41	177	1864	-	-	-	-	-	-	-	16	0	
*Alto do Faro	14.1	18.89	30.8	24	10.1	5.5	16	95	17.2	8	-	88	99	67	-	-	-	6	36	30	922	-	-	922	17	0	
*Alto do Poio	13.2	17.38	29.4	24	9.6	4.4	9	117	22.3	30	-	81	96	60	-	-	-	9	49	30	-	-	-	-	14	0	
Ancares	13.4	17.58	28.5	24	9.8	3.4	4	146	28.0	30	-1	-	-	-	45	206	1916	12	74	30	866	-	-	866	18	0	
*Borreiros	16.8	20.46	26.7	24	13.7	10.4	1	71	28.3	8	-12	88	99	71	24	113	1430	3	33	9	1010	-	-	1010	14	0	
Bóveda	17.5	23.95	37.3	24	12.6	8.3	13	85	21.8	30	-45	79	94	55	46	212	2061	6	38	15	967	-	-	967	15	0	
Burela	14.3	17.12	21.5	24	12.6	10.4	4	111	50.8	8	41	93	98	80	25	116	1418	13	53	25	-	-	-	-	17	0	
Campus Lugo	16.8	22.57	35.3	24	12.8	9.3	1	65	24.0	30	-50	82	97	59	38	175	1878	6	45	30	970	-	-	970	14	0	
Castro R. de Lea	15.9	21.41	33.3	24	12.0	6.9	13	66	24.8	4	-	87	98	67	31	144	1629	-	-	-	968	-	-	968	13	0	
Conchada	16.5	23	35.0	24	11.9	7.6	9	95	23.2	30	-	86	99	63	41	185	1988	-	-	-	-	-	-	-	16	0	
Corno do Boi	14.3	19.87	32.4	24	10.7	7.9	9	84	15.4	8	-46	90	99	69	38	151	1820	10	56	30	-	-	-	-	14	0	
Courel	15.8	22.1	34.0	24	10.9	6.0	13	117	24.3	4	-7	82	99	58	44	201	1994	6	52	30	928	-	-	928	15	0	
Fontaneira	13.8	18.38	30.7	24	10.2	6.2	1	129	48.3	8	-18	85	97	66	--	--	1815	13	47	18	905	-	-	905	17	0	
Foz	16.2	19.43	22.8	30	13.7	10.6	1	86	32.8	8	0	87	96	74	26	120	1518	8	51	9	1009	-	-	1009	18	0	
Fragavella	12.8	16.11	26.1	24	10.3	6.4	5	85	23.0	10	13	93	100	78	27	123	1462	10	68	30	949	-	-	949	21	0	
Guitiriz-Mirador	13.9	19.05	31.9	24	10.6	7.5	1	113	30.5	30	25	92	100	71	32	146	1659	9	51	30	938	-	-	938	14	0	
*Labrada	13.7	17.34	29.5	24	11.0	8.1	1	100	24.4	8	21	91	99	75	26	122	1530	8	51	30	-	-	-	-	18	0	
*Lanzós	14.9	20.37	33.2	24	9.9	2.7	14	76	24.2	8	-	86	97	66	-	-	-	4	41	22	962	-	-	962	11	0	
*Lourenzá	17.0	20.89	25.9	24	14.2	10.7	1	76	17.0	8	-	87	98	71	-	-	-	2	38	9	-	-	-	-	17	0	
Marroxo	16.0	22.05	33.4	24	12.0	8.3	9	78	14.6	30	-27	85	98	61	33	153	1724	4	34	3	943	-	-	943	16	0	
*Millara	18.1	25.04	37.2	24	13.6	10.0	9	96	22.8	30	-	81	96	57	-	-	-	6	40	15	-	-	-	-	14	0	
*Morelle	17.0	23.44	34.8	24	12.3	8.3	13	86	16.4	8	-23	85	99	62	34	155	1761	3	27	3	968	-	-	968	13	0	
O Cebreiro	13.3	19.3	30.8	24	9.0	4.3	9	123	23.1	30	-6	85	98	68	43	192	1940	12	52	28	871	-	-	871	16	0	
O Xipro	14.6	19.87	32.1	24	10.7	7.3	13	130	42.9	8	28	90	100	69	39	178	1837	8	42	30	927	-	-	927	18	0	
*Olveda	15.4	21.39	34.8	24	11.0	7.0	1	80	23.4	30	-24	90	100	70	40	184	1895	5	31	3	-	-	-	-	15	0	
Pedro Murias	16.6	19.29	22.4	9	14.5	11.1	1	98	25.6	8	21	93	100	81	25	115	1431	7	56	9	1012	-	-	1012	17	0	
Penedo do Galo	13.3	16.28	23.4	24	11.3	8.7	3	102	36.2	8	35	94	100	82	27	125	1482	16	70	9	-	-	-	-	18	0	
Pol	14.5	19.67	32.4	24	11.1	8.0	1	97	28.2	8	-	90	100	68	36	165	1723	-	-	-	942	-	-	942	17	0	
Portomarín	16.5	22.92	36.2	24	12.1	8.7	1	84	26.0	30	-	86	99	62	35	160	1654	-	-	-	966	-	-	966	13	0	
Sambreixo	15.4	21.24	34.3	24	10.9	5.1	13	101	21.9	10	-	84	96	63	33	147	1676	-	-	-	-	-	-	-	14	0	
*San Clodio	19.1	25.77	38.7	24	13.8	9.6	2	78	18.8	30	-	81	99	53	-	-	-	3	26	30	986	-	-	986	15	0	
*San Fiz	17.3	23.03	34.5	24	13.3	9.6	1	98	40.3	30	-15	82	96	60	40	176	1965	4	32	30	971	-	-	971	15	0	
Ventosa	14.6	20.05	31.5	24	10.0	4.8	16	149	42.3	8	38	85	97	63	41	189	1921	8	43	30	913	-	-	913	17	0	
*Vilamor	16.8	20.38	25.6	24	14.1	10.8	5	79	21.0	30	-10	81	90	66	22	103	1419	3	25	22	-	-	-	-	11	0	
*Xabrega	17.9	24.73	36.1	24	13.2	8.5	9	70	15.8	4	-46	79	94	52	33	129	1794	3	38	3	-	-	-	-	16	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	15.9	21.4	29.9	24	10.6	5.8	3	155	34.6	21	11	76	94	55	58	261	2328	10	57	21	902	11	0				
*A Portela	19.3	26.38	37.8	24	13.9	9.8	9	102	29.6	30	-39	75	96	47	47	215	2066	5	38	26	-	13	0				
*A Trabe	17.3	22.62	31.9	24	12.3	7.1	9	144	53.4	30	--	74	91	53	56	253	2288	4	47	30	928	11	0				
Alto do Rodicio	14.3	18.91	29.4	24	10.5	5.6	16	135	21.0	30	23	88	99	69	48	217	2080	10	57	21	906	17	0				
Amiudal	16.6	22.49	33.6	24	12.1	8.3	1	93	35.4	30	-40	80	95	58	55	207	2077	8	66	30	953	11	0				
As Petarelas	17.8	24.6	35.9	24	12.5	8.8	2	106	36.4	30	-	77	96	50	49	225	2176	-	-	-	-	12	0				
Baltar	15.6	21.75	32.5	24	9.6	1.7	9	87	22.6	10	-40	81	100	53	51	230	2124	4	57	21	926	13	0				
Cabeza de Manzaneda	11.0	14.13	24.6	24	8.1	1.4	9	193	33.5	4	84	-	-	-	47	215	2134	14	62	20	826	14	0				
*Calvos	14.5	20.47	30.4	24	8.2	1.7	9	100	25.3	10	-17	87	100	63	49	220	2096	7	55	21	-	14	0				
Casaio	14.4	18.68	28.5	24	10.9	5.3	9	129	33.4	30	-	-	-	-	-	-	-	5	58	28	-	14	0				
*Corzos	13.9	19.36	29.2	24	9.0	3.4	9	186	30.8	30	-	81	96	62	-	-	-	5	46	30	-	17	0				
Entrimo	16.4	22.54	34.0	23	11.5	5.7	9	139	33.2	29	-	83	97	60	45	206	1977	-	-	-	-	12	0				
*EVEGA Leiro	19.4	27.02	37.6	24	13.0	7.6	13	82	37.4	30	-	75	94	48	-	-	-	1	27	3	-	10	0				
Gandarela	16.7	23.51	34.3	24	12.1	7.3	9	75	20.8	30	-46	83	97	60	43	194	1962	5	36	29	945	12	0				
Lardeira	12.5	17.68	27.1	25	8.7	1.5	9	166	27.5	30	47	83	97	60	50	228	2098	14	68	30	840	16	0				
*Larouco	18.0	24.37	34.9	24	13.1	8.5	9	92	30.4	30	-	71	88	47	-	-	-	3	32	9	956	13	0				
Laza	17.7	24.42	34.8	24	12.4	8.6	14	103	22.4	30	-35	77	96	49	50	226	2144	6	83	30	-	11	0				
Monte Medo	16.5	22.37	33.3	24	11.8	7.6	9	119	20.4	30	-	83	98	58	45	206	1983	-	-	-	-	14	0				
O Invernadeiro	15.6	22.48	32.4	24	8.9	4.2	13	116	32.1	30	-22	76	96	52	53	242	2210	7	54	21	901	12	0				
Ourense	19.7	26.62	37.8	24	14.4	9.7	9	109	25.2	29	-	71	91	46	-	-	-	-	-	-	-	11	0				
Ourense-Estacións	20.1	26.97	38.6	23	14.9	10.6	13	101	21.5	30	-37	71	90	46	45	204	1986	4	36	29	1002	11	0				
*Pazo de Fontefiz	17.5	23.22	35.1	24	13.2	9.2	1	108	40.7	30	-55	77	90	56	44	199	1938	4	33	3	969	13	0				
*Ponte Boga	17.4	23.45	35.2	24	13.1	8.7	9	74	13.4	30	-48	74	88	50	38	172	1849	4	30	9	962	17	0				
*Prado	19.2	26.25	36.1	24	13.5	8.7	13	91	38.2	30	-	76	93	51	-	-	-	2	21	3	1001	10	0				
Remuíño	19.3	28.1	40.0	23	13.3	8.5	13	76	21.6	30	-51	78	97	50	40	180	1894	2	35	21	-	12	0				
*Riós	17.0	22.67	33.7	24	11.9	7.0	9	118	25.7	30	-23	78	97	54	53	241	2264	4	48	30	-	10	0				
San Xoán de Río	14.3	19.2	30.6	24	10.4	5.6	9	107	24.7	30	-1	88	100	67	45	205	2001	12	41	21	901	18	0				
Serra do Eixe	14.1	18.96	29.3	24	10.1	5.3	1	138	30.1	30	20	86	98	65	50	226	2103	10	52	30	880	16	0				
Verín-Vilamaior	18.4	25.09	34.4	24	13.0	7.4	9	102	27.4	30	-44	74	93	50	52	236	2214	7	57	21	954	8	0				
Verín-Vilela	18.7	26.03	36.8	24	11.8	6.1	2	109	36.8	30	-34	77	98	49	55	247	2242	4	55	21	-	8	0				
Viana do Bolo	16.2	22.8	33.9	24	10.6	6.4	14	143	27.6	4	17	82	99	58	49	224	2079	6	46	8	920	16	0				
Xares	11.7	15.61	25.4	24	8.4	1.3	9	160	46.0	30	41	81	95	62	49	223	2085	9	53	21	826	17	0				
Xinzo	16.3	22.41	32.6	24	11.0	5.7	9	114	31.6	30	-5	85	100	60	39	179	2020	8	47	21	945	10	0				
Xurés	14.8	19.57	29.2	24	10.8	4.4	9	122	29.5	30	-4	81	97	61	51	230	2160	11	60	21	898	13	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>a</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	16.7	21.54	33.1	23	12.5	8.2	8	84	33.6	9	--	70	79	58	43	198	1895	5	35	9	-	-	-	10	0		
A Granxa	18.8	24.76	36.1	23	13.3	8.8	13	93	28.2	10	-33	80	98	58	46	211	1998	4	35	20	1012	-	-	-	12	0	
A Lanzada	18.0	22.22	31.9	22	14.3	10.1	8	70	38.6	9	-57	83	94	67	54	245	2136	14	50	18	-	-	-	9	0		
*Areas	18.6	25.28	37.2	23	14.0	9.5	9	97	25.0	10	-	81	96	59	-	-	-	1	21	13	-	-	-	12	0		
*Areiro	18.1	22.25	31.5	18	14.3	10.8	8	71	26.8	9	-	81	93	65	-	-	-	3	30	15	1008	-	-	-	10	0	
*As Eiras	18.4	23.37	34.2	18	13.8	9.6	13	76	16.8	10	-57	82	97	61	52	235	2157	4	30	20	1011	-	-	-	11	0	
*Barrantes	18.0	22.92	31.4	23	13.2	8.5	16	61	27.1	9	-56	83	96	66	45	207	1903	2	33	18	-	-	-	10	0		
Cabo Udra	17.4	20.96	29.4	22	14.8	11.7	3	68	33.6	9	--	85	94	72	51	233	2178	13	52	7	-	-	-	10	0		
Caldas de Reis	16.9	22.02	34.2	23	13.1	10.1	3	90	22.7	4	-22	85	97	67	42	192	1846	7	54	19	986	-	-	-	14	0	
*Camanzo	17.6	22.95	33.9	23	13.2	9.5	9	90	40.6	30	-20	82	96	63	37	168	1755	4	34	3	992	-	-	-	12	0	
Castro Vicaludo	15.8	18.73	30.1	23	13.3	8.5	3	116	27.8	9	3	85	95	72	46	197	1990	11	64	7	962	-	-	-	14	0	
Castrove	16.5	20.95	33.0	23	12.9	8.9	3	97	33.3	9	-15	85	96	69	43	198	1881	9	67	18	967	-	-	-	14	0	
*Cequeliños	19.0	25.8	37.3	23	14.2	10.1	9	65	14.0	29	-68	78	95	54	45	206	1996	6	35	9	-	-	-	11	0		
Corón	18.0	21.35	30.1	23	15.2	11.6	5	69	29.8	9	-64	79	90	65	54	248	2202	15	67	19	1015	-	-	-	10	0	
*Entenza	18.8	24.61	35.7	23	13.8	9.4	2	89	29.8	10	-28	81	98	60	43	196	1846	1	31	15	-	-	-	11	0		
Fornelos de Montes	15.6	19.24	31.0	23	12.4	7.7	1	138	28.8	30	18	81	93	63	50	207	1931	11	61	18	936	-	-	-	15	0	
Illas Cíes	17.4	20.53	29.0	18	14.8	11.9	8	66	27.3	9	-58	85	95	72	54	243	2183	9	52	17	-	-	-	11	0		
Lalín	15.8	21.07	32.6	24	11.6	7.8	1	115	25.7	30	-	84	97	63	-	-	-	7	57	29	-	-	-	16	0		
*Louredo	17.1	22.18	33.6	23	13.1	9.9	14	103	38.6	10	-	88	99	70	-	-	-	2	25	30	988	-	-	-	11	0	
Lourizán	18.9	23.22	32.5	18	15.0	11.5	8	82	26.8	9	-40	88	100	69	45	205	1951	2	30	20	1010	-	-	-	11	0	
Lourizán	18.9	23.22	32.5	18	15.0	11.5	8	82	26.8	9	-40	88	100	69	45	205	1951	2	30	20	1010	-	-	-	11	0	
*Meder	18.9	24.57	35.1	23	14.1	9.5	9	91	23.0	30	-	74	89	54	-	-	-	1	25	30	999	-	-	-	12	0	
Monte Aloia	16.5	21.46	35.0	23	12.8	8.6	3	123	37.1	10	15	87	97	71	41	188	1808	7	38	14	961	-	-	-	12	0	
Mouriscade	16.1	22.12	33.6	24	11.0	7.2	1	108	28.2	29	-6	83	92	68	40	183	1890	5	47	30	959	-	-	-	14	0	
O Viso	17.5	23.26	32.7	19	13.1	9.5	16	106	30.6	9	12	82	94	64	44	160	1840	8	44	20	985	-	-	-	14	0	
Ons	17.2	20.85	29.9	19	14.1	10.9	8	74	30.3	9	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	12	0	
*Pé Redondo	18.2	22.98	32.7	23	14.3	11.1	5	70	23.2	9	-40	84	95	67	40	185	1745	2	38	18	-	-	-	13	0		
Pereira	14.8	19.41	30.8	24	10.9	7.6	16	152	26.4	4	-	90	99	72	43	195	1899	-	-	-	935	-	-	-	17	0	
*Ponte Caldelas	17.1	21.33	33.6	23	12.6	7.1	16	96	22.5	9	-24	78	91	62	48	212	1920	2	45	18	975	-	-	-	14	0	
Pontevedra-Campolongo	19.2	24.18	33.5	22	15.0	11.4	2	84	27.1	9	-	77	93	59	-	-	-	3	36	16	-	-	-	-	12	0	
Porto de Vigo	18.7	21.98	31.6	18	16.0	12.8	3	84	25.5	9	-47	81	93	67	54	246	2155	11	42	3	1014	-	-	-	9	0	
Queimadelos	17.5	23.09	35.5	23	13.2	9.4	9	106	29.8	30	--	--	--	--	--	--	1619	--	--	--	--	--	--	--	14	0	
Rebordelo	16.6	21.72	34.7	23	11.5	5.3	16	97	22.1	4	-	86	99	66	44	203	1866	-	-	-	975	-	-	-	15	0	
Sanxenxo	18.2	22.44	32.1	22	14.8	11.3	8	89	38.4	9	-34	79	92	63	44	200	1956	4	36	18	1013	-	-	-	11	0	
Serra do Faro	14.1	18.53	29.9	24	10.3	5.6	1	126	28.9	30	15	83	96	63	41	188	1914	15	56	18	905	-	-	-	16	0	
*Simes	18.1	23.32	33.8	23	13.3	9.1	2	80	30.6	9	-	82	96	64	46	209	1981	-	-	-	-	-	-	-	12	0	
*Soutomaior	17.9	22.51	32.9	23	13.9	10.1	16	88	21.2	4	-	75	88	59	-	-	-	10	42	5	997	-	-	-	12	0	
*Torrequeintás	18.4	23.14	34.2	23	14.2	10.9	8	51	14.6	9	-69	74	87	58	41	186	1823	4	34	9	1008	-	-	-	13	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
*Tremoedo	17.9	22.25	32.4	23	14.0	10.2	5	62	26.1	9	-	81	95	65	-	-	-	4	36	18	1009	10	0			
Vigo	18.3	22.2	33.0	18	14.7	10.8	2	78	22.1	10	-	79	93	64	-	-	-	-	-	-	-	12	0			
Vigo-Campus	16.3	19.7	31.0	23	13.5	8.9	3	96	25.3	10	-30	81	94	64	50	227	2059	6	57	7	963	12	0			
Xesteiras	14.2	18.12	29.3	23	11.1	7.2	16	125	28.2	4	-	89	98	74	-	-	-	20	85	18	-	20	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.